

TETRACTOS


BOLETÍN DE DIVULGACION MATEMÁTICA LES MONTELOS - A CORUÑA

Ano III. Boletín nº 24


Depósito legal: C 2766-2006

Setembro, 2008

NOVIDADES



PLANILANDIA, a película



Primeira novela do matemático Tefcros Mijailidis (Atenas, 1954)

MATEMÁTICAS E CINE


A HABITACIÓN DE FERMAT

Catro matemáticos descoñecidos entre si son invitados por un misterioso anfitrión co pretexto de resolver un gran enigma. A sala na que se atopan resulta ser un cuarto minguante que os aplastará se non descubren a tempo que lles une e por que alguén quere asasinalos.



OS CRIMES DE OXFORD

Unha anciá aparece asasinada no salón da súa casa as aforas de Oxford. O seu corpo é descuberto por dous homes que nese momento se atopan por primeira vez: Arthur Seldom, prestixioso profesor de Lóxica, e Martin, un xove estudante americano recen chegado á universidade coa intención de que o famoso profesor dirixa a súa tese doutoral. A morte da anciá non é senón o primeiro dunha serie de asasinatos con inquietantes puntos en común. Son crimes case imperceptibles, que poderían incluso pasar por mortes naturais se non fose porque cada un deles ven acompañado dunha mensaxe: unha imaxe, un signo diferente en cada ocasión que, morte a morte, vai dando forma a unha serie cuxa lóxica deberán descifrar os protagonistas. Percorrer ese camiño suporá poñer a proba non so as conviccións matemáticas senón a propia forma de entender o mundo do profesor e do alumno. Podemos coñecer a realidade? É posible alcanzar a verdade?




Comeza o segundo curso de ESTALMAT con 50 alumnos e alumnas

www.estalmatgalicia.com




CUBE

Varias persoas espertan no interior dunha habitación con forma de cubo. Non se coñecen entre sí e aparentemente non teñen nada en común, excepto que non recordan nin saben como chegaron alí, onde están nin porque están aí dentro. Cada habitación está conectada con outras seis habitacións de aspecto idéntico á anterior, formando un labirinto cheo de trampas. Cada unha das personaxes ten unha ocupación ou habilidade que é vital para intentar atopar a saída que parece próxima cando a estudante de matemáticas cree descubrir que unha serie de números gravados á entrada de cada cubo parece indicar un camiño seguro polo que se evitan as trampas mortais. Pero esa non é a única clave a ter en conta para saír de alí con vida.



CUBE 2 HIPERCUBE


Introdúcese un concepto revolucionario, UN CUBO FORMADO POR CATRO DIMENSIÓN!!: un hipercubo do que os protagonistas terán que saír. O labirinto está baseado no mundo complexo sempre cambiante, da física cuántica: tempo, realidades alternativas, gravidade son suxeitas ao cambio e alteracións que desafían a nosa lóxica e razón.



FORMADO POR CATRO

CUBE ZERO

"Cube Zero" cerra a triloxía da serie "Cube" e ven a ser o inicio que, ademais de meternos dentro dese labirinto, respóndese, en parte, a varias das cuestións sen resposta que suxerían un excelente misterio: ¿quen construíu todo e os mete alí? ¿e por que? ¿cal é o obxectivo?. A saída será a través das Matemáticas e os sistemas de eixes no espacio.




21 BLACK JACK

Segue as andanzas dun grupo de xóvenes que se convierten en expertos na arte de contar cartas para gañar nos casinos. Ben Campbell (Jim Sturgess) é un tímido e brillante estudante do prestixioso Instituto Tecnolóxico de Massachussets (MIT) que, ao non poder pagar a matrícula da universidade, atopa a solución nas cartas. Dáselle a oportunidade de unirse a un grupo formado polos estudantes máis dotados da escola, que viaxan ás Vegas o fin de semana armados con identidades falsas e co coñecemento necesario para inclinar as probabilidades de éxito no black-jack ao seu favor. Baixo a dirección do pouco ortodoxo profesor de matemáticas e xenio da estatística Micky Rosa (Kevin Spacey), conseguiron descifrar o código do éxito.



UNHA MENTE MARAVILLOSA

Drama intensamente humano sobre un auténtico xenio, está inspirado na vida do matemático John Forbes Nash Jr. O atractivo e altamente excéntrico Nash fixo un descubrimento asombroso ao comezo da súa carreira e fíxose famoso en todo o mundo. Pero o seu fulgurante ascenso á estratosfera intelectual sufriu un drástico cambio de curso cando a brillante mente de Nash se viu atacada pola esquizofrenia. Enfrontándose a un reto que houbera destruído a calquera outro, Nash loitou por recuperarse coa axuda da súa devota esposa, Alicia. Tras varias décadas de penalidades logrou superar a súa traxedia e recibiu o premio Nobel no ano 1994. Hoxe en día Nash é unha lenda vivente que segue entregado ao seu traballo.



A VERDADE OCULTA

Catherine, muller matemática que se ve cuestionada como autora dun teorema, plantéase cal sería a súa herdanza xenética, a loucura ou a xenialidade do seu pai. En Matemáticas, para demostrar as hipóteses fai falla unha proba, pero se á exactitude das ciencias engadimos a incertidume das relacións persoais, os resultados xa cambian.




CONTACT

A protagonista, desde nena presenta unha predisposición innata cara as Ciencias e as Matemáticas. Xa adulta logra comunicarse con seres extraterrestres a través dos números primos porque as Matemáticas, segundo ela, son o único idioma universal.

PI, FE NO CAOS

A película trata sobre Maximilian Cohen, un matemático moi reservado, bastante paranoico e queixado de fortes dores de cabeza quen cre que toda a natureza pode ser representada mediante números. Max pretende descubrir o modelo matemático da bolsa a través de cálculos e programas propios que introduce no seu ordenador Euclides.



O CÓDIGO DA VINCI



O catedrático e afamado simboloxista Robert Langdon é chamado unha noite ao Museo do Louvre, cando o asasinato dun conservador deixa tras de sí un misterioso rastro de símbolos e pistas. Coa súa propia vida en xogo, Langdon, axudado pola criptógrafa da policía, Sophie Neveu, descobre unha serie de segredos ocultos na obra de Leonardo Da Vinci. Todos apuntan a unha sociedade secreta, *O Priorato de Sion*, encargada de custodiar un antigo segredo que permaneceu oculto durante dous mil anos: o verdadeiro papel de María Magdalena na historia de Xesús e do cristianismo, silenciado pola Igrexa. Xuntos embárcanse nunha emocionante busca que os leva a París, Londres e Escocia, mentres reúnen pistas nun intento desesperado de descifrar o código e revelar segredos que farían tambalear os cimentos do Catolicismo oficial.

21 GRAMOS

Un profesor universitario de matemáticas, protagonista dun drama de estrutura matemática, á maneira de puzzle, e cuxo título se refire á cantidade de gramos que se cre perdemos cando morremos, como se fose o peso da alma humana.




ENIGMA

A trama xira en torno aos intentos dos matemáticos británicos de descifrar o código ENIGMA utilizado polos nazis para encriptar as súas transmisións durante a II Guerra mundial. O protagonista, Jericho, logra descifrar o código mediante o uso de coordenadas e grafos.

RAIN MAN

Charley terá que coidar do seu irmán autista, Raymond, despois da morte do seu pai co que non se fala dende que era adolescente, a quen lle deixa toda a súa herdanza. Pero Raymond pode calcular problemas matemáticos complicados na súa cabeza a gran velocidade e exactitude.




Sabela Rodríguez Castaño


LIBROS RECOMENDADOS PARA 2º CICLO DA ESO



EL GRAN JUEGO
Carlo Frabetti
Editorial Alfabara
Un rapaz xoga en Internet con regras que descoñece. Terá a axuda da súa profesora de matemáticas.



EL HOMBRE QUE CALCULABA
Malba Tahan
Verón Editores
Un árabe, atento e observador, deberá resolver numerosas probas co seu talento matemático.




O ESCARAVELLO DE OURO
Edgar Allan Poe
Editorial Xerais
Descifrado dun mapa dun tesouro polo sistema de análise de frecuencias das letras.



LOS MATEMÁTICOS NO SON GENTE SERIA
Claudi Alsina e Miguel de Guzmán
Rubes Editorial
Anécdotas nas que se viron involucrados diversos matemáticos.



UN CUENTO ENMARAÑADO
Lewis Carroll
Editorial Nivola
Colección de desconcertantes problemas de matemáticas agrupados en dez nós.




EL PAÍS DE LAS MATES PARA EXPERTOS
L.C. Norman
Editorial Nivola
Un Matemático máxico desafiará a resolver problemas



TODO BAJO EL CIELO
Matilde Asensi
Editorial Planeta
Novela de aventuras onde aparece a combinatoria, cadrados máxicos...



ENIGMÁTICA
ENIGMAS Y JUEGOS MATEMÁTICOS
Lluís Segarra
Círculo de Lectores
Colección de problemas de ingenio, pauciños, puntos e liñas...



ALICIA A TRAVÉS DEL ESPEJO
Lewis Carroll
Varias editoriais
Alicia atravesa un espello penetrando nun "mundo do revés", nun taboleiro de xadrez.




EL CÓDIGO DA VINCI
Dan Brown
Varias editoriais
Novela na que aparece a estrela pitagórica, sucesión de Fibonacci, a proporción áurea, criptografía...




PLANILANDIA
UNA NOVELA DE MUCHAS DIMENSIONES
Edwin A. Abbot
Olañeta Editor
Un mundo bidimensional onde os seus habitantes son polígonos.




MATEMÁTICA ES NOMBRE DE MUJER
Susana Mataix
Rubes Editorial
Biografías das matemáticas máis famosas da historia, relatas baixo un nexo común: Hypatia




CUENTOS DEL CERO
Luis Balbuena
Editorial Nivola
Contos nos que aparecen os sistemas de numeración, razoamentos lóxicos...




LOS DIEZ MAGNÍFICOS
Anna Cerasoli
Editorial Maeva
Continuación do libro: La sorpresa de los números




ÁNGELES Y DEMONIOS
Dan Brown
Varias editoriais
Novela onde aparecen "ambigramas", palabras que se len igual despois dunha simetría central.




EL ASESINATO DEL PROFESOR DE MATEMÁTICAS
Jordi Sierra i Fabra
Editorial Anaya
Alumnos que teñen que resolver problemas para investigar un asesi-




EL DIABLO DE LOS NÚMEROS
Hans Magnus Enzensberger
Editorial Siruela
Un díaño visita, en sueños, a un neno e recorren un apaixonado mundo das Matemáticas.



MAGIA INTELIGENTE
Martin Gardner
Editorial Zugarto
Trucos de maxia baseados en diferentes conceptos matemáticos.



EL IDIOMA DE LOS ESPÍAS
Martin Gardner
Editorial Zugarto
Técnicas de cifrar e descifrar mensaxes utilizadas ao longo da historia da criptografía.



EL PAÍS DE LAS MATES 100 PROBLEMAS DE INGENIO
Miquel Capó Dolz
Editorial Elrompecabezas
Colección de problemas de ingenio con pistas para orientarse.